

## BIBLIOTECAS E INSTITUCIÓNS EXTERNAS

Por medio deste servizo, as bibliotecas e centros de documentación externos á Universidade de Vigo poden facer peticións de documentos incluídos na nosa colección. Non se atenderán peticións de particulares.

O servizo está centralizado. As solicitudes faranse por [correo electrónico](#), correo postal, fax ou mediante os formularios EH ou SG se a biblioteca solicitante utiliza o programa GTBib-SOD.

### **Normas de préstamo e fotodocumentación.**

Antes de facer calquera solicitude, comprobe o noso [catálogo](#)

Están excluídos de empréstito os seguintes documentos:

- obras de referencia
- publicacións periódicas
- documentos antigos, raros etc.
- materiais especiais (diapositivas, películas, debuxos etc.)
- outros documentos que serán preservados segundo o criterio da biblioteca.
- obras publicadas no ano en curso

Cando iso fose factible proporcionarase fotocopia. En casos excepcionais, valorarase a posibilidade do préstamo destes materiais.

O período de consulta será de 30 días, prorrogables sempre que se solicitase coa suficiente antelación e o libro non estivese reservado por un membro da comunidade universitaria.

Os préstamos enviaranse por Postal Express, e a fotodocumentación por correo postal ou correo electrónico.

### **Documentos de investigación non publicados**

Non se prestarán os orixinais das teses de doutoramento e documentos similares.

Das teses de doutoramento non publicadas depositadas no Arquivo Universitario proporcionarase unha copia en préstamo interbibliotecario, sempre que fose posible. A biblioteca solicitante coidará que non se preste a domicilio nin se

fotocopie a tese; así mesmo devolverá o formulario que acompaña a tese cuberto e asinado polo usuario que a consulte.

Os proxectos e traballos fin de carreira e as teses de licenciatura están excluídos de empréstito e non se farán copias deles.

### **Tarifas e xeitos de pagamento**

Este servizo está suxeito a unhas tarifas aprobadas na Comisión de Biblioteca.

Segundo instrución xerencial, a facturación farase consonte o establecido por Crue-Rebiun para as bibliotecas pertencentes á devandita rede, e por envío ás demais bibliotecas.

O pagamento das facturas emitidas polo servizo farase mediante transferencia bancaria. Só se admitirá o pagamento en cupóns IFLA (*IFLA vouchers*) no caso de bibliotecas estranxeiras.

### **Propiedade intelectual**

Os documentos subministrados pola Biblioteca Universitaria de Vigo a través deste servizo utilizaranse exclusivamente para uso privado ou para fins de investigación. O solicitante aterase á vixente lexislación sobre propiedade intelectual.